



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 31 DE XANEIRO DO 2022.

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o trinta e un de xanerio do dous mil vinte e dous, reúnen-se os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodríguez, D. Iban Torres Rodríguez, D^a Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Experta Monforte: D. Jaime Germán Vázquez Pérez.

Interventora accidental: D^a María Inmaculada Buján Arias.

Secretario accidental: D^a Elisa Martínez Arias, que dá fe do acto

Non asiste a Concelleira D^a Margarita López Rodríguez e D. Manuel Rodríguez Martínez.

Antes da orde do día o Sr. Alcade propón un minuto de silencio polo accidente sucedido cunha morte no día de onte en Monforte de Lemos.

ORDE DO DÍA:

1º.-APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á SESIÓN DE 27 DE DECEMBRO DO 2021.

Sométese a votación a acta do pleno de 27 de decembro do 2021, aprobándose por unanimidade dos membros presentes.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datas das Resolucións das que se da conta: do 22.12.2021 ao 25.01.2022.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 22.12.2021 e o 25.01.2022.



PARTE RESOLUTIVA

3º.- ALTA NO INVENTARIO MUNICIPAL DO BEN INMOBLE MURALLA MEDIEVAL PERTENCENTE AO CONXUNTO MONUMENTAL DE SAN VICENTE DO PINO (DECLARADO BIC DECRETO 29.02.1973)

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

“Con data 21.01.2022 o Secretario Xeral emite o seguinte informe:

“En relación coa titularidade da Muralla Medieval, pertencente ó Conxunto Monumental de San Vicente do Pino (Declarado ben de interese cultural por Decreto de 29.02.1973 BOE 13.03), procede informar:

Antecedentes de feito

1º.- Sobre a titularidade da Muralla Medieval, consta no expediente comunicación á Consellería de Cultura, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e á Consellería de Facenda, Secretaría Xeral Técnica e do Patrimonio, de data 26 de outubro de 2017, no que se da traslado do acordo plenario de data 23 de outubro de 2017, do tenor literal seguinte:

“adoptado polo pleno deste Concello un acordo tendente a ceder á Xunta o recinto amurallado de Monforte de Lemos, remitimos certificación de dito acordo aos órganos autonómicos con funcións relativas ao patrimonio cultural, polo carácter de BIC da muralla, e coas relativas ao patrimonio no sentido de titularidade dominical de bens, por cremos ser o máis axeitado para iniciar o que se pretende”.

2º.- Consta no expediente a titularidade de Turespaña de parte da muralla medieval no tramo comprendido entre o recinto da Torre da Homenaxe e os aledaños da Torre dos Cregos.

3º.- Non consta no Concello de Monforte de Lemos resolución dos órganos autonómicos sobre á aceptación da citada cesión.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeiro.- O artigo 21 da lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, dispón nos seus apartados 1., 2, e 3:



SECRETARIA

1. *La Administración está obligada a dictar resolución expresa y a notificarla en todos los procedimientos cualquiera que sea su forma de iniciación*
2. *El plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento.*

Este plazo no podrá exceder de seis meses salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea.

3. *Cuando las normas reguladoras de los procedimientos no fijen el plazo máximo, éste será de tres meses. “*

Segundo.- Como consecuencia dese incumplimento da obriga de resolver é de aplicación o disposto no art. artigo 24. 1.2. da da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que dispón:

1.En los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa, legitima al interesado o interesados para entenderla estimada por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una norma con rango de ley o una norma de Derecho de la Unión Europea o de Derecho internacional aplicable en España establezcan lo contrario. Cuando el procedimiento tenga por objeto el acceso a actividades o su ejercicio, la ley que disponga el carácter desestimatorio del silencio deberá fundarse en la concurrencia de razones imperiosas de interés general.

El silencio tendrá efecto desestimatorio en los procedimientos relativos al ejercicio del derecho de petición, a que se refiere el artículo 29 de la Constitución, aquellos cuya estimación tuviera como consecuencia que se transfirieran al solicitante o a terceros facultades relativas al dominio público o al servicio público, impliquen el ejercicio de actividades que puedan dañar el medio ambiente y en los procedimientos de responsabilidad patrimonial de las Administraciones Públicas.

El sentido del silencio también será desestimatorio en los procedimientos de impugnación de actos y disposiciones y en los de revisión de oficio iniciados a solicitud de los interesados. No obstante, cuando el recurso de alzada se haya interpuesto contra la desestimación por silencio administrativo de una solicitud por el transcurso del plazo, se entenderá estimado el mismo si, llegado el plazo de resolución, el órgano administrativo competente no dictase y notificase resolución expresa, siempre que no se refiera a las materias enumeradas en el párrafo anterior de este apartado.

2. La estimación por silencio administrativo tiene a todos los efectos la consideración de acto administrativo finalizador del procedimiento. La desestimación por silencio administrativo tiene los solos efectos de permitir a los interesados la interposición del recurso administrativo o contencioso-administrativo que resulte procedente.”

Polo tanto debe entenderse que, neste suposto, incumpríuse a obrigación de resolver da Consellería de Cultura e da Consellería de Facenda, tendo a ausencia de



resolución efectos desestimatorios, en relación co acordo do Concello de cesión da titularidade dominical da Muralla medieval do Conxunto monumental de San Vicente do Pino

Terceiro.- O artigo 44 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala:

“1. Corresponde a los Municipios, Provincias e Islas, en todo caso, y a las demás Entidades locales de carácter territorial, en el supuesto de que así lo prevean las leyes de las Comunidades Autónomas, las siguientes potestades en relación con sus bienes:

- a) La potestad de investigación.*
- b) La potestad de deslinde.*
- c) La potestad de recuperación de oficio.*
- d) La potestad de desahucio administrativo.*

2. Para la defensa de su patrimonio y para asegurar la adecuada utilización del mismo, las Corporaciones locales también podrán establecer e imponer sanciones de acuerdo con lo previsto en la normativa sectorial aplicable.”

Cuarto.- O artigo 17.1 do RD 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locales sinala: “ Las Corporaciones locales están obligadas a formar inventario de todos sus bienes y derechos, cualquiera que sea su naturaleza o forma de adquisición.”

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede incluir no inventario de bens do Concello o ben inmovible Muralla Medieval pertencente ao Conxunto Monumental de San Vicente do Pino, dacordo co seguinte asento de inscrición:

a) Nome co que é coñecida a finca: Muralla Medieval, pertencente ao Conxunto Monumental de San Vicente do Pino

b) Natureza do inmovible: Histórico

c) Situación, con indicación concreta do lugar no que radica a finca, vía pública a que diere fronte e números que nela lle correspondan nas urbanas. A expresada na planimetría que figura como anexo I:

d) Lindeiros. Os expresados na Planimetría que figura como Anexo I

e) Superficie. A recollida na Planimetría que figura como Anexo I

i) Natureza de dominio: Ben de dominio público. Servizo Público.

j) Título en virtude do que se lle atribúe á Entidade: Posesión inmemorial.

k) Sinatura de inscrición no Rexistro da Propiedade. Non inscrita.

m) Dereitos reais constituídos ao seu favor: Non constan.



n) *Dereitos reais que gravaren a finca: Non constan.*

ñ) *Dereitos persoais constituídos en relación coa mesma: Non constan.*

o) *Data de adquisición: Indeterminada*

p) *Custe da adquisición: Non consta.*

q) *Valor que correspondería en venta ao inmueble: Inalienable*

r) *Froitos e rendas que producise: Non susceptible de produción de froitos e rendas.*

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO ao Pleno da Corporación que adopte o seguinte ACORDO:

Incluir no inventario de bens do Concello o ben inmovible denominado Muralla Medieval pertencente ao Conxunto Monumental de San Vicente do Pino, coas especificacións que figuran no informe do Secretario Xeral, anteriormente transcrito, coa excepción do tramo comprendido entre o recinto da Torre da Homenaxe e os aledaños da Torre dos Cregos. "

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando a felicitación do ano por ser o primeiro pleno do ano. Di que no ano 2017 esta Cámara decidiu cederlle á Xunta de Galicia á muralla medieval, o informe tamén di que non se recibiu resposta ningunha nestes catro anos. Cre que pon de manifesto o interese que ten o Patrimonio da Consellería de cara á muralla. Gustaríalle saber porque cando se da de alta no inventario non se da tamén de alta a parte que neste caso pertence á propiedade de Turespaña.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que toda a muralla é do municipio, non entende porque se exclúe esa parte da Torre da Homenaxe, entenden que se se vai inmatricular debería ser na súa totalidade.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que dado que o Sr. Emilio considera que a Dirección Xeral de Patrimonio ten pouco interese polo Patrimonio, pode ser que o máis acertado sexa contestar aos requirimentos. Di que actualmente teñen a muralla de Lugo e casco histórico de Monterrey, non se pode facer cargo de todo o Patrimonio a Xunta. A Xunta terá que colaborar co Concello en todo o que sexa a conservación. Di que ese tramo pertence a Turespaña.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que o silencio administrativo neste caso é negativo, de feito o que fixo a Xunta foi non aceptar a cesión do pleno. En relación coa propiedade do Parador, a propiedade é de Turespaña, petence á Secretaría de Estado de Turismo, iso documentouse cando se fixo o Parador, na cesión que fixo a Casa de Alba, inclúe o que é o Parador e o que é o conxunto menos a igrexa, o palacio condal, o terreo posterior por detrás do Castelo e o recinto amurallado onde está a torre, foi cedido a Turespaña, de feito a Torre da Homenaxe a cedeu Turespaña para a súa explotación para o uso turístico, chega ata a Torre dos Cregos,



SECRETARIA

aí é onde remata a propiedade de Turespaña, polo tanto non se pode inmatricular. Para evitar que haxa calquera tipo de confusión, por iso se fai este paso de inmatriculala a nome do Concello e, polo tanto cando haxa algunha subvención poder solicitala.

Intervén D. Emilio José Sánchez dando as grazas polas aclaracións por ambas partes. Di que sexa este ó primeiro paso para que nun futuro próximo se poida recuperar a mesma.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dando as grazas polas explicacións, dicindo que lle gustaría aproveitar para dicir que a páxina do Concello debe estar hackeada.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que houbo un problema técnico de subministro eléctrico. Comenta igulamente que este paso non se da para nada é para algo, algo cambiará.

Sometido o asunto a votación apróbase por unanimidade cos votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dos concelleiros do Grupo Mixto.

4º.- EXPEDIENTE PERMUTA DE PARCELAS NO PARQUE DE COBAS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

“Con data 21 de xaneiro do 2022 o Secretario Xeral emite o seguinte informe que se transcribe a continuación:

“ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Informe do Técnico de Medio Ambiente, do Concello de Monforte de Lemos, de data 23.04.2021, sobre a necesidade de regularización do conxunto da superficie do Parque de Cobas.

2º.- Acordo da Xunta de Goberno Local, de data 03.05.2021, no que, con base no informe sinalado no punto anterior, adoptou o acordo de iniciar o expediente de permuta dos terreos, para a citada regularización, con base nas conversas mantidas cos propietarios da finca colindante, aos que pertencen os citados terreos.

3º.- Informe da Arquitecta Municipal, de data 04.07.2021, sobre a superficie precisa para a regularización, que é dun total de 734,58 m2.



4º.- *Informe da Intervención Municipal, de data 02.07.2021, expresivo de que o valor da permuta non excede do 25% dos recursos ordinarios do Orzamento do Concello de Monforte de Lemos.*

5º.- *Valoración dos terreos obxecto de permuta que acredita irrefutablemente o xustiprezo, tal como consta no informe de data 23.04.21 do Técnico de Medio Ambiente, aos efectos do cumprimento do disposto no artigo 118 do Real Decreto 1372/1986.*

6º.- *Planimetría expresiva de os terrenos propiedade do Concello e os terreos propiedade de D^a M^a Dolores Sánchez Domínguez e Domingo Castroseiros González,, que son obxecto da permuta.*

7º.- *Fichas Catastrais dos terreos que se permutan, na que consta a situación física así como a titularidade xurídica das mesmas catastrais, non sendo necesario o seu deslinde.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA.- *O artigo 86 1) da Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Admnsitracións públicas dispón que:*

“1. Las Administraciones Públicas podrán celebrar acuerdos, pactos, convenios o contratos con personas tanto de Derecho público como privado, siempre que no sean contrarios al ordenamiento jurídico ni versen sobre materias no susceptibles de transacción y tengan por objeto satisfacer el interés público que tienen encomendado, con el alcance, efectos y régimen jurídico específico que, en su caso, prevea la disposición que lo regule, pudiendo tales actos tener la consideración de finalizadores de los procedimientos administrativos o insertarse en los mismos con carácter previo, vinculante o no, a la resolución que les ponga fin”

SEGUNDA.- *O artigo 109 do RD 1372/1986 de 13 de xuño do Regulamento de Bens das Entidades Locais, dispón que:*

1. Los bienes inmuebles patrimoniales no podrán enajenarse, gravarse ni permutarse sin autorización del órgano competente de la Comunidad Autónoma, cuando su valor exceda del 25 por 100 de los recursos ordinarios del presupuesto anual de la Corporación. No obstante, se dará cuenta al órgano competente de la Comunidad Autónoma de toda enajenación de bienes inmuebles que se produzca

TERCEIRA.- *O artigo 112 do Real Decreto 1372/1986 de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, dispón que:*

1. Las enajenaciones de bienes patrimoniales se regirán en cuanto su preparación y adjudicación por la normativa reguladora de la contratación de las Corporaciones locales.

2. No será necesaria la subasta en los casos de enajenación mediante permuta con otros bienes de carácter inmobiliario, previo expediente que acredite la necesidad de efectuarla y que la diferencia del valor entre los bienes que se trate de permutar no sea superior al 40 por 100 del que lo tenga mayor.”



CUARTA.- O artigo 113 do Real Decreto 1372/1986, de 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais que sinala

“Antes de iniciarse los trámites conducentes a la enajenación del inmueble se procederá a depurar la situación física y jurídica del mismo, practicándose su deslinde si fuese necesario, e inscribiéndose en el Registro de la Propiedad si no lo estuviere”.

Por todo o anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE a proposta de permuta de 734,58 m2 no parque de Cobas.

É canto procede informar”.

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Prestar aprobación á permuta de 734,58 m2 no parque de Cobas.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que estando ambas partes dacordo, algo que vai repercutir nunha mellora na forma do parque de Cobas manifestando o seu voto favorable.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se verá mellorado o estacionamento daquela zona, beneficia á persoa porque vai ter un terreo moito máis conxunto, polo tanto é un beneficio para todos.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

5º.- RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ESTUDIO DE DETALLE DO BARRIO DO CASAR.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

“ANTECEDENTES

1º.- Con data 11 de outubro do 2021 D. David Rodríguez González presenta no Concello proxecto de Estudio de Detalle para fixación de alineacións na rúa Vigo- O Casar de Monforte de Lemos.

2º.- O Pleno da Corporación, con data 25.10.21, prestou aprobación inicial ao proxecto de Estudio de Detalle para fixación de alineacións na rúa Vigo-O Casar, de Monforte de Lemos.



3º.- Notificado o acordo de audiencia aos titulares catastrais, con data 13.12.2021, Dª María Teresa Miguélez Rodríguez presenta alegación contra o estudio de detalle.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

O Secretario Xeral do Concello de Monforte de Lemos, con data 18 de outubro do 2021 emitiu informe do tenor literal seguinte:

“PRIMEIRO.- A Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, en adiante LSG, no seu artigo 79, regula os estudos de detalle e dispón que:

1. O desenvolvemento dos plans xerais, plans parciais e plans especiais, poderán redactarse estudos de detalle cos seguintes obxectivos:

a) Completar ou reaxustar as alineacións e rasantes.

b) Ordenar os volúmenes edificables.

c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do planeamento.

2. Os estudos de detalle no poderán en caso algún:

a) Alterar o destino urbanístico do solo.

b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.

c) Reducir as superficies destinadas a viales, espazos libres ou dotacións públicas.

d) Prever a apertura de vías de uso público que no estén previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.

e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.

f) Parcelar o solo.

g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles imponha o correspondente plan.

h) Establecer novos usos e ordenanzas.

SEGUNDO.- En relación co procedemento de formulación e aprobación dos estudos de detalle o artigo 80 da LSG, dispón que:



SECRETARIA

1. Os estudos de detalle poderán ser formulados polos Concellos, pola Administración autonómica, por outros órganos competentes no ámbito urbanístico e polos particulares lexitimados para facelo.

2. Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no «Diario Oficial de Galicia» e nun dos periódicos de maior difusión na provincia. Asimesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos.

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal os aprobará definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes.

Os prazos para a súa aprobación definitiva serán os establecidos no artigo 76.

Artículo 76. Prazos para a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento de iniciativa particular.

1. O prazo máximo para resolver sobre a aprobación inicial de plans de desenvolvemento de iniciativa particular será de tres meses, a contar a partir da súa presentación no rexistro xeral do Concello. Transcorrido este prazo sen que houbese recaído resolución expresa, entenderase outorgada a aprobación inicial do correspondente instrumento de planeamento.

2. O prazo para a aprobación definitiva polo Concello dos plans de desenvolvemento dos plans xerais será de seis meses, a contar dende a aprobación inicial. Transcorrido este prazo sen que se houbese procedido á notificación da resolución, poderá entenderse aprobado definitivamente o plan, sempre que se realizase o trámite de información pública e se obtiveran os informes preceptivos en sentido favorable, de conformidade coa lexislación aplicable, ou, no seu caso, fosen solicitados os informes e houberan transcorrido os prazos para emitilos.

3. Non se aplicará o silencio administrativo positivo cando os plans ou instrumentos contivesen determinacións contrarias á Lei, os plans de superior xerarquía ou os instrumentos de ordenación do territorio.

TERCEIRO.- En relación coa documentación que deben conter los estudos de detalle o Decreto 143/2016, de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no seu art. 193, dispón que:

1. Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lle sexan de aplicación.

Cando se modifique a disposición de volúmenes efectuarase un estudio comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudio de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.



b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o planeamento vixente.

c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican o reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfico dos volúmenes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e do seu entorno.

d) Calquera outro documento que poida contribuir á xustificación da proposta.

2. A documentación do estudio de detalle se formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

Existe informe da Arquitecta Municipal, desta data, na que pon de manifestó que a documentación presentada reúne os requisitos anteriormente expostos.

Polo anteriormente exposto infórmase FAVORABLEMENTE o Estudio de Detalle formulado por don David Rodríguez González para a fixación de alineacións, na rúa Vigo – O Casar, de Monforte de Lemos.

Es cuanto procede informar.”

A Arquitecta Municipal do Concello de Monforte de Lemos, con data 18 de xaneiro do 2022 emite informe do tenor literal seguinte:

“Por D^a. María Teresa Miguélez Rodríguez, con data 13.12.2021-RE19425, preséntase alegación ao estudio de detalle presentado por D. David Rodríguez González para a fixación de aliñacións no último tramo urbano da Rúa Vigo, situada no Barrio de O Casar, desta Cidade, redactado polo arquitecto D. Ramón Carlos Fernández Losada, aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación en sesión ordinaria do 25 de outubro de 2021.

O meu informe é o seguinte:

Segundo a disposición transitoria primeira da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia), as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais constitúen o planeamento en vigor na actualidade.

O estudio de detalle aprobado inicialmente ten a finalidade de completar as aliñacións en desenvolvemento das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, nunha zona que está clasificada como Solo Urbano en réxime de Residencial Mixta/Vivenda Unifamiliar, definida no apartado 4.8 da Normativa Urbanística de ditas Normas Subsidiarias.

No último tramo urbano da Rúa Vigo, situada no Barrio de O Casar, as aliñacións establecidas nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes, interrómpanse, quedando indefinidas, óptase por continuar coa aliñación existente no resto da Rúa Vigo que marca un ancho de vía de 12 metros. Para elo tómase como referencia o eixe da vía existente



e dende aí márcase a aliñación a 6 metros do eixo de dita vía, enlazando a nova aliñación coa existente, dende o punto no que remata esta.

Con esta operación, o estudio de detalle aprobado inicialmente adapta á realidade do viario existente as aliñacións que quedaron sen definir nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipais vixentes.

A proposta realizada na alegación presentada non se adapta á realidade física da rúa existente e non respecta o principio de equidade co resto dos predios afectados.”

Con base no anteriormente exposto propoño que o Pleno adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- *Desestimar a alegación presentada por D^a Maria Teresa Miguélez Rodríguez con base nos informes obrantes no expediente transcritos na presente proposta.*

SEGUNDO.- *Aprobar definitivamente o estudio de detalle presentado por D. David Rodríguez González para fixación de alineacións na rúa Vigo-O Casar de Monforte de Lemos. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que a alegación que se presentou pode estar ben fundamentada e razoada, tal e como di esta alegación no artigo 79 da Lei do Solo, no punto 2 dese artículo os estudos do detalle non poderán alterar o destino urbanístico do solo. . Tal como detalla nesta alegación, no punto 2 a esta persoa vaiselle alterar a súa finca. Por outra banda, se se vai ao informe técnico parécelle moi escaso, di que eles non poden aprobar algo onde ven unha dúbida xurídica tan importante, sería máis razoable que o informe técnico fora máis amplo e máis documentado. Di que antes de comenzo a realizar este tipo de cuestións debería facerse o Plan Xeral, a Lei do Solo de Galicia aínda que non obriga, si o recomenda.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que se teñen feito moitos estudos de detalle coas Normas Subsidiarias, detrás do Haley, na ronda urbana, maría Emilia Casas, e eran as mesmas Normas Subsidiarias de Planeamento. Logo vostede fala da Lei do Solo, non se pode reducir a superficie adicada a viales, polo tanto o que se fai é unha alineación da futura rúa que é a mesma anchura que ven de atrás. Se vostede pensa nunha beirarúa de 1,5 metros de cada lado, se pensa en dous carrís de tres metros, 12 metros non é ningunha barbaridade é razoable, os terreos teñen que sair dalgún lado, é unha cousa razoable, os terreos teñen que sair dalgún lado. Agora entre Rof Codina e Cobas no hai ningunha rúa, deses terrenos hai que facer as cesións para facer a rúa, aquí pasa exactamente igual, alí hai un terreo que se pode urbanizar, non pode chegar ata a rúa, porque esa non é a alineación. Esta modificación a promoveu o particular polo tanto o Concello o que fai é facilitarlle para que a poida aproveitar baixo unhas condicións, di que iso esta posto nas Normas Subsidiarias.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que entende as explicacións, por outra banda, repite que lles crea dúbidas a alegación presentada por esta persoa, dúbidas xurídicas importantes por iso prefiren votar en contra.



Intervén o Alcalde dicindo que hai que aliñar o linde das rúas.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Mixto e tres votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

6º.- SOLICITUDE DE REVISION DE OFICIO DE ACORDO PLENARIO DE DATA 23.05.2005 POLO QUE SE PROCEDEU AO CAMBIO DE SISTEMA DE ACTUACIÓN DA ZONA C DAS NORMAS SUBSIDIARIAS DE PLAEAMENTO DE MONFORTE DE LEMOS.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

“Con data 20 de xaneiro do 2022 o Secretario Xeral emitiu o informe que se transcribe a continuación:

“Primeiro.- D. Luis Cuevas Granados presenta escrito en nome de D. Francisco Conde Conde e outros mediante poder notarial que acredita a representación.

Segundo.- O Pleno do Concello con data 23 de maio de 2005 adoptou o acordo de modificación do sistema de actuación pasando de compensación a cooperación.

Terceiro.- Dito acordo adoptouse seguindo os trámites establecidos na lexislación vixente no momento e polo tanto, a causa de nulidade alegada na solicitude de D. Francisco Conde Conde e outros denegándose, por elo no artigo 103 da Lei 39/2015, “prescindir total y absolutamente do procedemento legalmente establecido” é unha construción xurídica carente de fundamento, realizada para que, a efectos formais, encaixe en dito precepto legal.

O acordo adquiriu firmeza, non sendo recurrido polos interesados, en tempo e forma.

Cuarto.- O artigo 106 da Lei 36/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas dispón que:

“Revisión de disposiciones y actos nulos”.

1. Las Administraciones Públicas, en cualquier momento, por iniciativa propia o a solicitud de interesado, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma, si lo hubiere, declararán de oficio la nulidad de los actos administrativos que hayan puesto fin a la vía administrativa o que no hayan sido recurridos en plazo, en los supuestos previstos en el artículo 47.1.



SECRETARIA

2. *Asimismo, en cualquier momento, las Administraciones Públicas de oficio, y previo dictamen favorable del Consejo de Estado u órgano consultivo equivalente de la Comunidad Autónoma si lo hubiere, podrán declarar la nulidad de las disposiciones administrativas en los supuestos previstos en el artículo 47.2.*

3. *El órgano competente para la revisión de oficio podrá acordar motivadamente la inadmisión a trámite de las solicitudes formuladas por los interesados, sin necesidad de recabar Dictamen del Consejo de Estado u órgano consultivo de la Comunidad Autónoma, cuando las mismas no se basen en alguna de las causas de nulidad del artículo 47.1 o carezcan manifiestamente de fundamento, así como en el supuesto de que se hubieran desestimado en cuanto al fondo otras solicitudes sustancialmente iguales.*

4. *Las Administraciones Públicas, al declarar la nulidad de una disposición o acto, podrán establecer, en la misma resolución, las indemnizaciones que proceda reconocer a los interesados, si se dan las circunstancias previstas en los artículos 32.2 y 34.1 de la Ley de Régimen Jurídico del Sector Público sin perjuicio de que, tratándose de una disposición, subsistan los actos firmes dictados en aplicación de la misma.*

5. *Cuando el procedimiento se hubiera iniciado de oficio, el transcurso del plazo de seis meses desde su inicio sin dictarse resolución producirá la caducidad del mismo. Si el procedimiento se hubiera iniciado a solicitud de interesado, se podrá entender la misma desestimada por silencio administrativo”.*

Quinto.- Pola súa parte o artigo 110 da Lei 39/2015, dispón que:

“Límites de la revisión”

“Las facultades de revisión establecidas en este Capítulo, no podrán ser ejercidas cuando por prescripción de acciones, por el tiempo transcurrido o por otras circunstancias, su ejercicio resulte contrario a la equidad, a la buena fe, al derecho de los particulares o a las leyes”.

Con base no anteriormente exposto, a xuízo do que subscribe, procede inadmitir a solicitude de revisión de oficio do citado acordo.

É canto procede informar. “

Con base no anteriormente exposto propono que o Pleno adopte o seguinte acordo:

PRIMEIRO.-*Inadmitir a solicitude de revisión de oficio solicitada por D. Luis Cuevas Granados en nome de D. Francisco Conde Conde e outros. “*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que os problemas de urbanismo lle preocupan. Di que lle parece positivo que limpen as fincas, que se lle dea un aspecto máis saúdable á cidade, non se opoñen a un proxecto desa magnitude. En primeiro momento fala da revisión dun acto de oficio, cando len en profundidade lle entran dúbidas xurídicas, di que eta persoa esta alegando que quere presentar a anulidade porque se publican no BOP de setembro do 2020. Entrando na alegación, que si que cren que si isto é así houbo un retraso para publicar, non se levou a cabo non se cumpriron os prazos que se prevén. Por outra banda, non están de acordo para levar a cabo o sistema elixido, non se lles permite ter poder de decisión, coa



cooperación. Cren que o máis adecuado sería facelo dunha maneira menos gravosa para os propietarios.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que cre que nestes casos se se le a lei xa despexa todas as dúbidas, a Lei do Solo dE Galicia, di o que di, di vostede que non lle gusta as formas, as formas nestes casos demostranse no Boletín Oficial. Iso se fai conforme o establecido nos sistemas urbanísticos, as formas son as correctas, se segue polo libro. E logo di que se produxo un retraso grande na publicación, eso tería que míralo vostede quén foi, isto aprobouse no ano 2005, e este señor ven a alegar agora 16 anos depois, aquí os prazos non son os da publicación son os de alegar, dende logo está superprescrito. No ano 2005 acordouse cambiar o sistema de compensación a cooperación. A compensación é cando o desarrollan os veciños e cooperación e cando promove a Administración. En 20 anos, non se promoveu nada, os propietarios teñen todo o dereito do mundo, dende o punto de vista urbano da cidade non é de recibo, que ata de agora ninguén se atrevera a facelo, pero as prioridades son as que son, e hai que poñer un diñeiro riba da mesa. Di vostede que o sistema elixido non da opción á compensación aos propietarios, o sistema elixido que é o que está na lei, tan válido como o dos outros. Sistema de cooperación o promove a Administración, se os propietarios non se fan cargo das cargas, a administración que promove lle descontara o que toque. Se esta persoa tivera dereito a 10 solares, por exemplo, ao custo de urbanizar lle restan 5 os outros 5 se lle van dar igual ao propietario, o reparto de cargas e beneficios é proporcional. O que non se pode urbanizar e todos os beneficios para o propietario, aínda que se quixera non o permite a lei.

Di vostede porque non se fai o sistema de expropiación coma no barrio do hospital, alí é unha dotación que é pública, aí non se urbaniza para facer edificios, faise un aproveitamento para un espazo público de lecer. O Concello non vai edificar, o Concello vai urbanizar, viales, saneamento, alumeados.

Intervén D^a KatherinieVarela dicindo que entende o que acaba de dicir o Sr. Alcalde. Por un lado di que hai un retraso entre a aprobación e a publicación no BOP, o que se pide é unha revisión de oficio, porque houbo unha anomalía no procedemento, para que se considere nulo o acto. Di que a eles lle xeneran dúbidas. Di que habería que ampliar os informes técnicos, manifesta que eles non din que non sexa legal, o que lles parece é que non adecuado. Sinala que en Monforte hai unha gran cantidade de vivendas vacías, o adecuado sería potenciar que estas vivendas vacías se poda dar lugar a súa venta e ocupación, poder convertilo todo en parque e aparcamento, por iso non están de acordo que se urbanicen certas zonas. Manifesta o seu voto en contra.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que calquera cidadán ten dereito a alegar o que considere oportuno en cada expediente que promove a Administración, sinala que o reclamante fai ven pedir, e o Concello fai ben en non deixarlle enredar. O Plan Especial foi aprobado polo Partido Popular no ano 2000. Agora vostede quere, facendo de avogados dos donos, ese pode ser o interese dos propietarios, di que el non lle vai pagar 1 millón de euros, soamente por ter silvas sen facer nada pola cidade, se se fai o que vostede di habería que partir de cero e aprobar un plan que en vez de ser edificable sería dotacional. Sinala que vaise defender o interese



SECRETARIA

público, estase defendendo un plan especial do ano 2000, e unha proposta de modificación do ano 2005, estanse executando cousas aprobadas polo PP e polo BNG. Non lle van aceptar unha alegación despois de 15 o u 16 anos, eles defenden o interese público. Manifesta que o día que iso estea urbanizado e teña saída ata a altura da rúa Fontecha en Cobas, o cambio que vai ter esa parte da cidade, vai haber unha zona verde, todo o longo do río, máis de media hectárea, da cara ao parque dos Condes e aos Escolapios, sobran motivos para desestimar a alegación, van seguir defendendo o interese público.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con dez votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista, dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Mixto e tres votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular.

7º.- CORRECCIÓN ERRO NA DENOMINACIÓN DUNHA PRAZA DE AUXILIAR NA MEMORIA DE PERSOAL E NA PLANTILLA DO ORZAMENTO DO 2022.

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do Partido Popular e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

“Advertiuse erro de transcripción na memoria de persoal e plantilla do orzamento de 2022, aprobado definitivamente en sesión de 27/12/2021, ó denominar unha praza como auxiliar multimedia/tics, por analoxía coas función da praza de técnico de informática, á vista do encadramento e das funcións que deron lugar a súa inclusión na Plantilla do 2022.

- *Unha praza de auxiliar multimedia/tics centralizada na Alcaldía pero cuxas funcións se desenvolverán para a atención cidadá en diversos servicios e unidades.*

Debe dicir:

- *Unha praza de auxiliar multiservizos centralizada na Alcaldía pero cuxas funcións se desenvolverán para a atención cidadá en diversos servizos e unidades”.*

Así como, na plantilla de persoal do expediente do orzamento 2022, de modo que onde di:

“auxiliar multimedia/tics”

Debe dicir: “auxiliar multiservizos”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:



Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa se explicou o motivo na comisión que era multimedia e tiña que ser multiservizos, por un erro de transcripción.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular

8º.-PROPOSTA DA ALCALDIA EN RELACIÓN CO ESCRITO DE PAIS E NAIS DO COLEXIO CEIP A GÁNDARA (AULA DE QUINTO DE EDUCACIÓN INFANTIL).

O ditame é favorable á proposta, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

Primeiro.- Con data 26.11.2021 D^a Marta Rodríguez Vázquez presenta escrito no Concello, do tenor literal seguinte:

“ Somos un grupo de nais e pais de nenos e nenas que cursan na actualidade o 5^a curso de educación infantil no CEIP A Gándara de Monforte de Lemos. Tomámonos a liberdade de escribirlles porque queremos que coñezan o sentir das nosas familias ao respecto da situación que están atravesar os/as nosos/as fillos e fillas.

Os/as nosos/as nenos e nenas comezaron unha nova etapa vital no curso académico 2020-2021. Foi un momento de emoción para todas as familias, e para eles e elas moi significativo; importante para nós como nais e país, pois soltámoslos das nosas mans para que se agarraran ao sistema educativo, no que confiamos, e máis concretamente na comunidade educativa que conforma o CEIP A Gándara. Durante o curso, máis aló de resultados, os/as nenos/as foron aprendendo a descubrir o diferente, novas linguas, novas culturas ... e a saber que hai tantos mundos coma cores. Así chegamos ao mes de xuño, sabendo que dentro da aula convivían diversos/as alumnos/as, algúns/has con necesidades educativas especiais.

Pasou o verán e segundo se achegaba o cambio de cores nas follas das árbores foi medrando neles/as a ilusión por ver aso compeñeiros e ás compañeiras, polas comidas do comedor, por volver ao patio da escola, por recitar poemas de Manuel María, por cantar cancións de inverno ... Lamentablemente esa ledicia e ese escintilar nos ollos ofie apagando nalgúns/has nenos e nenas; noutros/as foron aparecendo comportamentos que non eran os habituais en eles/as; oímos nas casas algún insulto, explosións contraditorias, frustacións, perda do control, tristura

Pasamos de 17 nenos e nenas escolarizados/as no curso 2020-2021 a 24 nenos e nenas no curso 2021-2022. A maioría das novas incorporacións presentan necesidades educativas especiais que sumaron ás que xa había.



SECRETARIA

O colexio A Gándara é un centro que recibe, acepta e acolle o diverso, porque sabe tratalo, aprecialo e darlle valor. Iso fano todos/as os/as profesionais que desenvolven a súa actividade no centro; pero isto é como todo nesta vida, se se abusa ou se satura un centro, por moi bos/as que sexan os/as seus/súas profesionais, a deriva ten dúas vertentes: crear un gueto dentro do territorio (co que pode convlevar no futuro a estigmatización de todo ou parte do alumnado) e/ou que os/as seus/súas profesionais se vexan desbordados/as pola sobrecarga de atención que se requiren. Dentro do Concello de Monforte de Lemos, hai máis centros educativos, sexan públicos ou concertados, que tamén poderían seguir o exemplo do noso colexio e poñer máis medios en acoller o diverso, e cremos que isto non só sería beneficioso para os/as nosos/as fillos e fillas senó para os/as 18.347 veciños e veciñas, como sociedade acolledora.

Estamos a vivir unha situación na aula que está xerar sentimentos negativos nos/as nosos/as fillos e fillas, que en ocasións van acompañados de comportamentos disruptivos, escasa motivación e interese, e por isto precisamos xa dunha solución. Imos poñernos serios/as: é urxente dotar de recursos humanos ao centro educativo para que poida atender as necesidades de atención que se dan na aula. Con poñernos serios/as, referímonos, a que somos conscientes de que unha das contestacións que poden vir derviadas o organismo competente da Consellería de Educación é que nos remitan que se está a cumprir a ratio de persoal por alumnado; ao cal lle dicimos que é certo, pero que para nós, a ratio de atención que teñan establecida non mide a calidade educativa que se lles debe prestar aos/ás nosos/as fillos e fillas, e esta non se está a cumprir na aula.

Lembramos que a calidade educativa é un principio da educación, recollida no Capítulo I, artigo primeiro, letra a) bis segundo a Lei Orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (BOE NÚM. 340, do 30 de decembro de 2020), polo tanto debe ser atendida e salvagardada. Recalcamos tamén que nos sentimos emocionados/as a oler as Disposicións Xerais da ORDE do 8 de setembro do 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros da Comunidade Autónoma de Galicia en que se impartgen as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica 2/2006 do 3 de maio, de educación (DOGA núm. 206, martes de 26 de outubro do 2021) na que trasladamos literalmente o que figura na mesma: "Un sistema educativo plenamente inclusivo e de calidade será aquel que garanta a atención de cada alumna e de cada alumno segundo a súa realidade persoal e social, o que significa, entre outros aspectos, que as medidas organizativas, as curriculares e a dotación de recursos se adapten ao que cada alumna e cada alumno necesiten". O anteriormente descrito é o que precisan os/as nosos/as fillos e fillas, entendendo que dentro da aula están a convivir diferentes realidades de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.



SECRETARIA

Por iso, demandamos e solicitamos que se dote á aula de 5ª de Infantil do CEIP A Gándara con outro/a mestre/a Educación Infantil que dea resposta á problemática actual da aula e garanta os principios de calidade do sistema educativo e sexa o medio para adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións Sociais e culturais de todo o alumnado”

Segundo.- Con data 29.11.2021 a Xunta de Goberno Local adoptou o seguinte acordo:

“ESCRITO DE Dª MARTA RODRÍGUEZ VÁZQUEZ EN REP. DO CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL DO CEIP A GÁNDARA

Toma razón a Xunta de Goberno Local do escrito presentado por Dª Marta Rodríguez Vázquez en relación coa situación na aula de quinto curso de educación infantil do CEIP A Gándara, acordando a Xunta de Goberno Local elevar ao pleno do mes de decembro a proposta, sen perxuizo de que as competencias para dotar ao CEIP A Gándara do citado personal é da Consellería de Educación á que deberán dirixir a súa petición sen perxuizo do apoio do pleno deste Concello. “


Estamos ante unha situación que prodúcese no Ceip A Gándara deste Concello que fai referencia ao quinto curso de Educación Infantil. Esta situación supón unha merma na calidade da prestación dos servizos educativos, o que vai ir en detrimento da formación dos nosos nenos e nenas, xa dende o inicio do seu período formativo, que podería redundar, sen lugar a dúbidas, nun déficit posterior da súa educación.

Por esta Alcaldía, entedemos que é preciso amosar o noso apoio á solicitude presentada por Dª Marta Rodríguez Vázquez e outros pais e nais de alumnos, posto que evidencia unha merma dos servizos prestados, na súa educación, para os alumnos/as que a reciben.

A prestación de servizos públicos de calidade, na que está incidindo o Concello de Monforte de Lemos no ámbito das súas competencias, é un requisito imprescindible para fixar poboación no noso municipio e, sen dúbida é preciso NO ámbito que nos ocupa, que ditos servizos públicos educativos reúnan a calidade docente para a que é imprescindible a dotación de medios persoais e materiais.

O Concello de Monforte de Lemos cumpre, en ocasións máis alá do que a propia normativa esixe, coas súas obrigas neste ámbito e, polo tanto estímase necesario prestar apoio aquelas xustas reivindicacións para que a Xunta de Galicia, que é a que ten a competencia exclusiva en materia de educación dote ao CEIP A Gándara do persoal docente necesario para obter esa educación de calidade.

Con base no anteriormente exposto, PROPOÑO que polo pleno se adopte o seguinte ACORDO:



SECRETARIA

Requerir á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Educación e Universidade para que se dote á aula de 5º de Infantil do CEIP A Gándara con outro/a mestre/a Educación Infantil que dea resposta á problemática actual da aula e garanta os principios de calidade do sistema educativo e sexa o medio para adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e preferencias de aprendizaxe, motivacións e intereses, e situacións Sociais e culturais de todo o alumnado. “

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que logo de falar con eles en persoa de ser coñecedor dunha problemática concreta di que cre axeitado votar a favor deste acordo que se trae ao pleno, é un acordo para mellorar o sistema educativo neste colexio público. Fala dos recortes de educación, anteriormente estaba a clase desdoblada.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez amosando o apoio a solicitude presentada, tendo claro que a competencia correspóndelle á Xunta de Galicia, fala que deriva nunha serie de circunstancias que levan facendao no CEIP A Gándara. Manifeta que hai hai uns anos, falouse de crear un aula para alumnos de educación especial. Di que se lle ven á cabeza á recente petición para que se lle asigne un persoal de mantemento ao Infanta Elena. Di que son eles o concelleiro de Esperta Monforte! o representante do Concello no Infanta Elena.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que ten que ceñirse á cuestión, pero tamén é conveniente que sepa o que di a lei, que hai que ceñirse á cuestión.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que esta moción chega tarde. Do mesmo modo que se traen asuntos de urxencia, porque actualmente esto xa está en mans da Inspectora de Educación. Di que é certo que na Gándara hai un número elevado de nenos con necesidades especiais, si que é verdade qu ese produciu un cambio de directiva, o orientador cambiou. Actualmente si que é verdade que cando os pais reclaman a medida de insistir, si se concede. Neste caso na moción que presenta o equipo de goberno, piden un profesor de educación infantil, non un profesor de necesidades especiais, isto implicaría desdoblar a aula. Manifeta que eles se poñen en contacto cos pais e profesores, e pensan que quizáis o máis adecuado é solicitar profesores de apoio de atención especial, fala que houbo un cambio de profesor nesa aula, e un cambio de orientador, cren que se necesitaría algún empleado ou profesor de atención especial. Non van desdoblar a aula cando se cumpren os ratios. Cren que non é adecuado, aínda que algún pai recoñeceu que quere que se desdoble aula. Manifeta a abstención do seu grupo, pero si solicitarían que se centren un pouco en solicitar ese persoal de atención especial. Di que eles adquiriron o compromiso de levar un seguimento detallado no que sucede na Gándara en canto ao profesora de educación especial.



SECRETARIA

Intervén D. Ibán Torres dicindo como se está vendo dende fai 12 anos o goberno de Feijoo vai en dirección contraria, fala do recorte de profesorado. Manifesta que o alcalde e o equipo de goberno van estar do lado dos pais e nais que demandan unha educación de calidade, apoian o que se di neste escrito. Estase ante unha redución sen precedentes de profesores dende a pandemia, o que realmente se fai é rebaixar a calidade. Fala do despido de 1.000 profesores de reforzo, entenden que a proposta debe ser apoiada e por iso se trae a este pleno.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez falando dos monitores para os nenos con necesidades especiais para os campamentos dende o ano 2015, manifestando que o que non se pode é predicar. Sinalan que dende Esperta Monforte! o que ven é moita literatura e moito “brindis ao sol”, din que eles van apoiar isto porque lles parece adecuado, sen deixar de pedir ao equipo de goberno que non deixen de atender as necesidades públicas que si son da súa competencia.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que xa lle advertiu, no próximo pleno cando non se ciña ao tema retiráraselle a palabra.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que o argumento de D. Ibán Torres xa sabían que ía ser por esa liña, os profesionais públicos cobran un soldo, cando falaba de desdoblar as aulas, é unha pena porque non entraron no problema da Gándara, o problema é que cada vez hai máis nenos con necesidades especiais, e por ese motivo se necesitan máis profesores ou personal que xa exerce para atender a este tipo de nenos, polo que consideran adecuado apoiar, sempre e cando teñan ese apoio de personal que o necesitan, pedir un desdoblamento de aula non é o máis adecuado.

Intervén D. Ibán Torres agradecendo o apoio dos grupos .

Intervén o Sr. Alcalde agradecendo o apoio de D. Emilio na súa primeira intervención. Dille a D^a Katherinie Varela que non foi presentado o día 26 de novembro, o presentaron en decembro. Dicer que antes de traer ao pleno de decembro, quíxose contrastar a veracidade do problema do que falaban, parécelle que teñen razón. En relación co que dicía D. Germán falaba como se eles fosen os culpables, parece que lles teñen enquina, manía. Sinala que o Concello non ten que dotar de medios ao colexio da Gándara, o que teñen obrigación os Concellos de momento, é o mantemento, pero dotar de medios non, non sabe onde saca iso, e dí ata de agora porque hai unha sentenza do tribunal supremo que acaba de saír fai uns días, que di que os Concellos son se poden facer cargo dos colexios que non son da súa titularidade, polo tanto, con isto lle cae o seu discurso Sr. Germán. E logo fala vostede dos campamentos de verán, o Concello non ten obrigación de telos, se se teñen é porque prestan un servizo ás familias, conciliación da vida laboral e familiar, e que os pequenos estean entretidos, de feito hai Concellos que non fan campamentos de verán. Os que se fan agora son máis durante máis tempo e máis número de campamentos. En relación coa organización dos campamentos faise exactamente igual que a Xunta de Galicia, a mesma normativa, a Xunta pón ese requisito do 30% de discapacidade, encima vostede quere que o Concello se faga cargo de todo, léase a normativa que di a Xunta para os campamentos, non se l



SECRETARIA

deixa de atender a ningún servizo público. En relación coa educación especial, esa competencia non é dos Concellos, ademáis a Xunta está xogando cos Concellos, cos máis débiles, porque está derivando nos Concellos máis pequenos os centros de atención temperá, e sen embargo no Concello de Monforte, no Hospital Comarcal hai unha sala para atención temperá que non funciona. No Hula teñen aberto unha sala de atención temperá, en Lugo teñen dereito e en Monforte non.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría con doce votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e dos concelleiros do Grupo Mixto e tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular

9º.- MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR PARA A DELIMITACIÓN DOS NÚCLEOS RURAIS NA CIDADE.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal popular, e sete abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que se de comezo a delimitación gráfica dos núcleos rurais do Concello de Monforte de Lemos segundo o estipulado no artigo 78 da lei do solo de Galicia e así evitar que moitas vivendas dos veciños de Monforte se atopen en irregularidade urbanística”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que antes da iniciar a exposición da moción, consideran o de atención temperá poderían solicitar as axudas, vostedes o piden e llo dan. Vostede antes falaban do Plan de urbanismo das que cousas que se fan, é o que traer vostede. A cidade en 20 anos perdeu casi 2.000 habitantes, en canto á exposición xa inicio con que Monforte conta cun plan de urbanismo do ano 1985, é urxente un Plan Xeral.

Continúa coa lectura da súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que comparte con D^a Katherinie a necesidade do Plan Xeral. Tamén entende os problemas urbanísticos. Dille a D^a Katherinie que dende que vostede chegou a esta cámara xa se estaba traballando para buscar a forma legal, o caso que estas edificacións están como están, o descoñecemento da norma non esixe de cumplila.

Fala do artigo 78, e despois 55 e ao artigo 23. Isto ven traducido a facer plans sectoriais e se Monforte hai 26 parroquias e unha media de 6 núcleos rurais por parroquias da unha media de 156, non se vai facer 156 plans sectoriais, o custo e o lento que podería ser esa ferramenta é imposible e non serve para nada para o que vostede trae na iniciativa, a propia lei do 2016 o di, claro que se pode facer. Manifesta que non é nin a solución para este problema nin o máis axeitado, pensado sobre todo na economía e o lento que pode levar, eso si aproveitar para un Plan Xeral de Ordenación Municipal, se evitarían moitas cousas.



SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifestando que quere aclarar que el non dixo nada da atención temperá, di que lle chegaron dous whatsapp de que xa saíron subvencións para solicitar por parte do Concello a posibilidade de traer a atención temperá da Xunta, con respecto á moción eles non teñen nada claro que o simple as delimitacións gráficas dos núcleos rurais, non poden falar das moitas vivendas que agora mesmo se atopan en situación irregular, dende Esperta Monforte cren que é necesario que este Concello teña un Plan. Pensando en que queren facer unha ponte por riba do Malecón, a zona C, a zona D, zonas da Pinguela, a prioridade debería ser ter un PXOM e despois con respecto ás vivendas que son absolutamente ilegais, as que teñen orde de derribo, o 90% sabían o que lles podía pasar, é algo que se tivese PXOM a xente foi facendo e agora veñen as consecuencias.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que nas Normas Subsidiarias de Planeamento están definidos. En calquera caso, as condicións para edificar está suficientemente claras, outra cousa é que lles gusten máis ou menos, non sabe onde saca esa idea. Con esta moción o que se pretende cubrir a alguén que debe coñecer que ten problemas coa súa APLU. Hai que dicirlle aos monfortinos que a APLU depende da Xunta e non do Concello, que é a Xunta quén está sancionando, se sanciona, acórdase a demolición e se manda ao Concello para que o execute. Todos os veciños que teñan unha licenza de obra poden estar tranquilos e os que edificaron sen licenza, deberán saber que está fora da legalidade. O que non vai facer o Concello e taparlle a mala conciencia de tirar as vivendas á xente. Non van amparar tampouco obras ilegais. A modificación da normativa da APLU lle corresponde á Xunta de Galicia, nin a APLU nin a normativa que se aplica a creou o Concello, iso si que é pasar a pelota o da execución, e vostede di aquí que podían salvarse sería coa delimitación do núcleo rural, que xa está delimitado. Non soamente sancionan á xente, senón que ademáis lle dan traslado á Fiscalía e os procesos cun delito contra a ordenación do territorio. Entende que o que se propón aquí é un sinsentido salvo o que se busque a título excepcional ampliar o núcleo rural. O núcleo rural está perfectamente delimitado.

Intervén D^a Katherinie Varela manifeta que o máis importante é centrarse na moción, se realmente está feito o que se pide haberá que deixalo sobre a mesa, porque non atoparon ata de agora, se está delimitados gráficamente eles deixan a moción, non a votan, solicitarían acceso a ver eses documentos, o di polo que acaba de dicir o Sr. Ibán Torres.

Intervén D. Emilio José Sánchez manifestando que eles non van apoiar esta iniciativa.

Intervén D. Ibán Torres dicíndolle a D^a Katherinie que senón sabe o que facer coa moción retírela. Nas Normas Subsidiarias están definidos os núcleos rurais. Vostede faga coa súa moción o que queira, vostede tome a decisión que considere oportuna.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que a pregunta é si están definidos os núcleos rurais. Di que eles traen aquí a delimitación dos núcleos rurais segundo o



artigo 79 da Lei do Solo, como vostedes non son claros seguen adiante porque non claros.

Intervén o Sr. Alcalde manifestando que o serio é cumprir a lei e non facer a defensa de quén non a cumple. Vostede se fora transparente diría o problema que hai coa APLU, o goberno municipal non denuncia, en rústico é a APLU que é quén ten a competencia. O que non van facer é o traballo da APLU, a maior claridade é cumprir a lei, se eses veciños teñen licenza que non se preocupen, se alguén construiu sen licenza xa sabe ao que se expón, o que vostede di si que non é transparente. Os núcleos están definidos nas Normas Subsidiarias de Planeamento, aí dise onde se pode construír e onde non se pode construír. Pregunta, porque antes de construír non lle veñen a preguntar á técnica municipal, está clarísimo, hai cousas máis antigas que as do ano 1985. Os núcleos rurais están definidos nas Normas Subsidiarias de Planeamento. Non se pode ter o atrevemento de falar por falar. As construcións sen licenza non se legalizan co PXOM, non da licenzas, o PXOM como moito pode deixalas fora de ordenación, legalizar soamente o fai unha licenza, é tan sinxelo como que se fas calquera obra tes que pedir unha licenza. A Xunta de Galicia fai uns anos, sacou unha norma para regularizar as naves pero non para legalizalas, non é o mesmo, iso o fixo a actual Xunta de Galicia, porque non legalizou as vivendas que están no rural. O que se chama “edificacións diseminadas” esas nunca forman núcleo porque son edificación ailladas que nunca forman núcleo.

En relación co que dicía D. Germán que se publicaron unhas axudas para os Concellos, di que eles non o van pedir, iso é un engano, polo tanto esa competencia é autonómica. O que van pedir á Xunta de Galicia que trate ás familias de Monforte igual que ás familias de Lugo, porque si funciona unha sala de atención temperá no hospital de Lugo “Hula” como está funcionando con cargo ao Sergas e a Educación, tamén debe funcionar a sala que hai no hospital de Monforte. Fala vostede D. Germán das prioridades, as prioridades tócalle definilas ao goberno que estea en cada momento, poden vostede vir aquí falar en todos os plenos e falar do PXOM a cidade máis importante de Galicia que é Vigo en canto ao tamaño, acaba de aprobar inicialmente o PXOM, fai uns días, fíxense se Monforte non pode facer cousas ata chegar a ser coma Vigo. Cando se puido aprobar non había plan hidrolóxico que limita cousas que antes non limitaba, eso non implica que non se fagan cousas, Monforte vai ben e vai ir mellor.

Sometido o asunto a votación rexéitase por maioría con tres votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular, dez votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e dúas abstencións dos concelleiros do Grupo Mixto.

10º.- MOCIÓN DE ESPERTA MONFORTE! PARA A INSTALACIÓN DE PANEIS SOLARES EN INSTALACIÓNS E EDIFICIOS MUNICIPAIS.

Esta moción non se dictaminou ao non estar presente o presentante da mesma.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:



SECRETARIA

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que sobre o Plan Especial lle falan sempre, di que non son o Vigo do anterior, é Monforte de Lemos capital da Ribeira Sacra. Segue coa lectura da súa moción.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que é unha iniciativa interesante que se podía levar a cabo na medida do posible, subscribe parte desta iniciativa. Xa se debateu aquí a problemática que está a ter o país o de chantar parques eólicos sen sentido edunha forma abrupta coa problemática que iso conleva, estase facendo en base a isto esta ben a eficiencia enerxética, apostar polas enerxías limpas e renovables, pero non a calquera prezo, di que eles van apoira esta iniciativa, incluso podería prantexar do mesmo xeito que se fai nos edificios públicos municipais instar á Xunta a facer o mesmo nos edificios propios.

Intervén D^a Katherinie Varela di que lle parece unha boa iniciativa. Sinala que apoiarían sen problema a moción, non sabe o custo que traerá facer isto.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que eles apostan polas enerxías limpas na medida do posible. Este equipo de goberno está facendo esforzos moi importantes para reducir o gasto de enerxía. Estase executando o maior proxecto para renovar as luminarias das parroquias, colocar unha placa nun edificio municipal, é unha circunstancia menor co que se está realizando cos proxectos que se están levando a cabo. O que vostede pide vaise ver superado amplamente, non se vai facer algo para ter que desfacerlo despois, aseguro que van vostedes actuacións neste sentido nunha magnitud histórica.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez manifiesto que se queda abraiado.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que xa sabe que están moi ensinismados coa ponte, cando se fai unha gran obra neste pobo o seu é o non. Vostede di D. Germán, pouquiña xente non quere a ponte, 187 había naquela manifestación. Hai moita máis xente que lle gusta a ponte, fíxese vostede que nesa enquisa o posto 18 estaba a ponte, había outras cousas que lle preocupaban máis aos monfortinos, a ponte levará o ritmo que permita a súa tramitación administrativa, agora salvo que sexa algo insalvable haberá ponte, polo tanto vostede non se preocupe. Fala vostede de asfalto innecesario, se se fai a ponte non é prioritario, que é prioritario para vostedes. Di que eles van seguir mellorando o Concello, porque aos veciños de Monforte si que lles gusta.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con cinco votos a favor dos concelleiros do Grupo Mixto e dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dez votos en contra dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista.

11º.- MOCIÓN DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO SOBRE MELLORAS NOS CAMIÑOS MUNICIPAIS.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor do Concello D. Emilio José Sánchez Iglesias, BNG-Grupo Mixto e oito abstencións dos concelleiros/as do grupo



municipal socialista e dos concelleiros/as do grupo municipal popular, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que o goberno municipal elabore un plan de actuación nos viales periféricos de Monforte para dotalos de beirarrúas e se execute”.

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dando lectura a súa moción, dicindo que son inxerencias da poboación. O que se pide aquí a rúa Incio que son 300 metros de rúa, hai outras rúas na zona do Fabeiro na zona das Gándaras, que tamén están dañadas, para que a xente transite sen perigo, pensando que moitos destes camiños no inverno teñen problemas para sacar a auga, deberíase buscar a solución ou facer un plan de actuación, cales son factibles e unha vez que se teñan, facer un orzamento e poder levalo a cabo.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que tamén sabe vostede que hai un montón de xente que non da a razón, é certo que moita xente non se acercou alí porque saben que pode haber algún tipo de replesalía. Amosa o apoio a moción.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que non lle consiste que poda dicir isto, chama a orde por primeira vez a D. Germán .

Intervén D^a Katherinie Varela quería saber en que zonas sería necesario facer esas beirarrúas, pero queren pensar que o equipo de goberno xa fan iso. Di que non van votar en contra, pero se non ven que sexa máis específica se absterán.

Intervén D. Ibán Torres sinala que o deben estar facendo moi ben en calquera caso os camiños municipais nunca estiveran tan ben arranxados. Fala de camiños de Fabeiro, ás Gándaras, Casar, etc., habería que precisar un pouco. En calquera caso, cando fagan propostas razoables van apoiar, como política extensiva evidentemente non se vai facer, como aplicación global é un “brindis ao sol” e non van contar co apoio.

Intervén D. Emilio José Sánchez onde se fan as beirarrúas ao pé da estrada. Cando do Fabeiro, e demais fala da zona. No próximo pleno comprométese a traer un listase das vías. Igual que se chegaron a el as queixas supón que lle chegarían ao equipo de goberno. Fala de arranxar para que a xente poda transitar.

Intervén D. Jaime Germán dicindo que parte do seu apoio, deberían ser os técnicos do Concello, no pleno anterior, xando se falaban do paso de peóns, aquí se lle traen non o delimitan, vostedes cos seus técnicos cales son as opcións.

Intervén D. ^a Katherinie Varela di que entenden o fondo da moción no senso de preocuparse polos viandantes, lles falta saber, senón se delimita. O di con todo o respecto, porque ao presentar unha iniciativa xenérica, falta especificar, isto pode



axudar para que a próxima de xeito máis específico onde se poden realizar as beirarrúas. Amosan a súa abstención.

Intervén D. Ibán Torres dicindo que a cada caso lle pide o seu, neste caso lle gustaría saber onde está o etc.

Intervén D. Emilio José Sánchez entende perfectamente, aquí tampouco se fala de facer beirarrúas seguidas, trátase de facer un plan de actuación. Saber por onde se vai empezar, o que se pide aquí é de facer un plan de actuación.

Intervén o Sr. Alcade entende que vostede libremente trae as iniciativas que queira, di que este equipo de goberno non é de anuncios, é de feitos. Cando se anuncia unha obra é cando está licitada ou se vai licitar. Non lle parece un pouco raro que vostedes nos lle guste ou non queiran que urbanicemos a zona C que está no centro e agora queren que urbanicemos a periferia, é unha contradición en si mesma, non é axeitado. Dille a D. Germán que os técnicos do Concello xa traballan.

Sometido o asunto a votación rexeítase por maioría con dous votos a favor dos concelleiros do Grupo Mixto, tres abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal Popular e dez votos en contra dos concelleiros/as do Grupo municipal Socialista.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

12º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de 23.12.21, 27.12.21, 30.12.21 e 18.01.22).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

13º.-DACIÓN DE CONTA DA PRÓRROGA DO PLAN DE CONTROL FINANCIERO 2021-2022.

A efectos de cumprir co disposto no apartado 3 do art. 31 do RD 424/2007.

14º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Pregunta Esperta Monforte!

Ten pensado este goberno municipal elaborar algunha ruta de sendeirismo polas zonas rurais e paisaxísticas do Concello de Monforte, capital da Ribeira Sacra?

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que en relación co rogo parécelle ben a colaboración dos veciños e veciñas en recoller o lixo que hai no río, o mellor sería que ninguén tire nada ao río. A competencia de limpar o río é na zona urbanizada, na zona non urbanizada non, dende o club fluvial ata o parque dos condes é competencia municipal, pero o resto non é competencia municipal, deixando iso claro.



SECRETARIA

Pasamos á pregunta, a promoción turística que está facendo este equipo de goberno non se fixo nunca e iso inclúe toda a parte de valor que pode ter a zona rural. Quén puxo en valor que a ponte do sil é de Monforte foi este equipo de goberno, iso é promoción, claro que se ten en estudo ven ese tipo de cousas para poñelas en valor e que dalgunha maneira sexan un atractivo turístico.

Rogo do BNG . As rúas Manuel Murguía e da Xesta foron obxecto de debate en varias ocasións no pleno municipal, debido ao seu pésimo estado de conservación. Que se fagan as xestións necesarias para que, dunha vez por todas, se amañen estas rúas.

Pregunta do BNG respecto do amaño do Mercado Gandeiro, o voceiro do equipo de goberno contestou que se contemplaban amaños importantes para o futuro. Somos coñecedores de que fai pouco tempo, se cambiou ou teito de dúas das naves. Esta é a reforma á que se refería, ou temos que seguir esperando a un amaño integral desta infraestrutura?

Resposta o Sr. Alcalde di que esas rúas que vostede di non son de titularidade municipal, se alguén ten que reclamar é a Confederación Hidrográfica, forma parte do canal do regadío, non se vai asumir a súa titularidade, fixeron un amaño intentando deixar quedar mal ao equipo e goberno. A rúa Moure Mariño xa está licitada, co tema de Manuel Murguía estase facendo xestións para que iso se arranxe. En relación co Mercado Gandeiro Vostede parece que non lle da importancia aos teitos, de feito ese arranxo nunca se fixo. O que vostede se refire a outra parte da feira haberá que arranxalo algún día.

Rogo do Partido Popular. A páxina web do Concello non contempla a suficiente información. Que se proceda a actuación da información mencionada na páxina web do Concello, de modo que os contratos, as actas, os presupostos e demais información estén correctamente publicados na mesma, ademáis de habilitar unha pestaña na páxina de inicio dun buzón de suxerencias para a cidadanía.

Rogo do Partido Popular debido ás obras que este Concello estaba a realizar na finca situada na confluencia da Avenida de Ronda Emilia Casas Baamonde e a rúa Corredoira, a vía de servizo

Resposta o Sr. Alcalde dicindo que esta obra vai levar máis tempo. Por fóra da zona vallada hai un arcén polo tanto a xente pode pasar por aí con seguridade, esa vía ten control de velocidade, aí non debería haber ningún problema. En relación co outro rogo, a páxina web, vostede non se expresa dun xeito correcto. A páxina web é un pouco como o orzamentos hai que entendela, hai que saber buscar, di que el non é un esperto en manexarse nas redes, se se busca se chega onde se quere chegar.



SECRETARIA

Rogo de Esperta Monforte! que se anticipe e antes da primaveira realice as labores que por competencia está obrigado facendo a limpeza realice as labores que por competencia está obrigado facendo a limpeza das beiras do río Cabe e non esperar a que sexan os veciños os que teñan que poñerse ao fronte das responsabilidades

Remata a sesión sendo ás dez horas e trinta e dous minutos do mesmo día. De todo o que antecede, eu Secretario, dou fe.

Vº e Pce

O ALCALDE